



**BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A
CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN PEÓN
PARA O CONCELLO DE TRABADA, AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE
COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025**

**PRIMEIRA.—OBXECTO, NORMA DE APLICACIÓN E REQUISITOS
XERAIS.**

O obxecto das presentes bases consiste na regulación do procedemento para a provisión de persoal laboral temporal no Concello de Trabada de 1 Peón polo sistema de concurso-oposición, ao abeiro do programa de Reforzo do Emprego incluído no Plan Deputación de cooperación cos concellos 2025 de Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Por parte do Concello de Trabada, vista a necesidade de contratar persoal en réxime laboral temporal en servizos esenciais que se declaran prioritarios, vaise proceder á convocatoria e posterior contratación de 1 traballador/a para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, de conformidade coa normativa aplicable, sempre que se cumpran cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, no que respecta ao programa de Reforzo do Emprego.

As obras, servizos e actividades a executar deberán ser prestados polo propio Concello, como entidade beneficiaria, en réxime de execución pola propia administración.

Deberán favorecer na súa execución ou prestación a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se van contratar.

As obras ou servizos deberán ser prestados ou executados no territorio municipal.

Responder a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia e eficiencia.

Que esas necesidades afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas particulares, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza e, tamén, as que permitan asegurar o funcionamento regular da





propia entidade e dos seus órganos de goberno e de dar cumprimento as distintas normativas xerais ou sectoriais de aplicación.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección mediante concurso-oposición e posterior contratación en réxime de persoal laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción para o Concello de Trabada, ao abeiro do acordo co sinalado no Plan Deputación de Cooperación cos Concellos formalizado entre o propio Concello de TRABADA e a Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego baixo o “Programa Reforzo do Emprego 2025”.

A convocatoria publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Trabada, na sede electrónica <https://trabada.sedelectronica.gal> e na páxina de Deputación Provincial de Lugo (www.deputacionlugo.org).

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberán estar inscritas como demandantes de emprego ou de mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia na ocupación correspondente a cada posto.

É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do Concello.

Este contrato encádrase no Programa de Reforzo do Emprego financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo.

SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABAJO LABORAL CONVOCADO.

- Modalidade e duración contractual: Persoal laboral temporal por 3 meses en réxime de dedicación a xornada completa
- Funcións: Efectuarán, baixo a coordinación do Oficial servicios múltiples – Maquinista – Condutor, persoal laboral fixo do Concello, tarefas de desbroce e limpeza de vías, mantemento zonas verdes así como outras tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes ou valorización forestal.





Concello de Trabada

- Esta praza está suxeita a flexibilidade de horario.
- Retribucións: O/A aspirante seleccionado/a e contratado/a percibirán as retribucións bruta de SMI por posto, que inclúe o rateo das pagas extraordinarias, aplicándose o Convenio Colectivo de Edificación e Obras públicas de Lugo.

TERCEIRA. NORMATIVA APLICABLE

Ás probas selectivas, no non previsto nas presentes bases, resultará de aplicación o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como o disposto no artigo 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP). Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no EBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- A lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo , polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.





Concello de Trabada

- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común do Sector Público.
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.
- Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2025, no que respecta ao programa de Reforzo do Emprego para o período 2025-2026, publicadas no BOP núm. 004, do 7 de xaneiro de 2025.
- Demais disposicións aplicables.

CUARTA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Con carácter xeral os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación da solicitude e que estean debidamente xustificadas para poder tomar parte nas probas de selección:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no Artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido





da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto.
- c) Ter cumpridos dezaoto anos e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do posto.
- e) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- g) Non se require titulación académica (disposición adicional 7ª EBEP).
- h) Carné de conducir tipo B vixente.
- i) Os candidatos deberán acreditar estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa (criterio incluído nas bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2025, no que respecta ao programa de Reforzo do Emprego para o período 2025-2026, publicadas no BOP núm. 004, do 7 de xaneiro de 2025.





QUINTA. CONVOCATORIA

1.- A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura no Anexo I das presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirase ó Sr. Alcalde do Concello de Trabada, no prazo de cinco (5) días hábiles **contados dende a publicación do anuncio de convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello (<https://trabada.sedelectronica.gal>)**.

Así mesmo enviarase oferta de traballo á oficina de emprego máis próxima para que as persoas seleccionadas e que cumpran os requisitos poidan presentar en prazo nas dependencias municipais a solicitude de participación no proceso selectivo e toda a documentación requirida

2.- As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberán estar inscritas como demandantes de emprego ou de mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

3.- É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

4.- A instancia, modelo Anexo I, dirixida ó Sr. Alcalde do Concello de Trabada xunto coa documentación xustificativa deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Trabada ou mediante algunha das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común do Sector Público.

SEXTA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.





Concello de Trabada

- b) Declaración xurada de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- d) Declaración xurada de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- e) Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
- f) Fotocopia da Tarxeta de demandante de emprego.
- g) Carné de conducir tipo B vixente.
- h) Fotocopia de todos os documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia
- i) Informe dos períodos de inscrición emitido polo Servizo de Emprego Público de Galicia.
- j) Acreditación de ser perceptor de prestacións ou subsidios por desemprego (Servizo Público de Emprego) ou beneficiaria de RISGA (informe departamento Servizos Sociais municipio de residencia), no seu caso.
- k) Documentación acreditativa de ser vítima de violencia de xénero. A efectos destas bases , entendese por mulleres en situación de violencia de xénero todas aquelas que cesasen a relación de convivencia co agresor e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:





1. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/ou xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
2. Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
3. Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos devanditos indicios.
4. Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.
5. Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.

n) Documentación acreditativa de discapacidade.

3.- As persoas candidatas poderán presentar o modelo de declaración xurada que se achega como *Anexo III* nas presentes Bases.

4.- Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser emendados en calquera intre, de oficio ou a petición do interesado.

5.- As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

SEPTIMA. FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS:

Deberán presentarse, dentro do prazo de presentación de documentación, as copias dos





documentos que acrediten os méritos alegados para poder ser puntuados conforme ao baremo. Deberanse acompañar as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación ca praza convocada.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de documentación xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

OITAVA. ADMISIÓN DE SOLICITUDES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas e, de ser o caso, causa de exclusión, concedendo un prazo de tres días hábiles para a emenda.

Dado o carácter urxente, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do concello deberá ser comunicada por correo electrónico ao enderezo concello@trabada.gal dentro do prazo de tres días hábiles sinalado anteriormente.

As reclamacións sobres as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional. O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados.

Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución da alcaldía aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se fará pública no taboleiro de anuncios da entidade e na sede electrónica.

NOVENA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente mediante resolución.





O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo dunha Administración Pública designado pola Alcaldía. Con voz e voto.

Secretario/a: Un/ha Secretario/a ou funcionario/a dunha Administración Pública designado pola Alcaldía que o substitúa. Con voz e voto.

3 Vogais: Tres técnicos ou expertos designados pola Alcaldía. Con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre a do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao posto.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñela incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, en base ás que, exclusivamente, colaborarán co órgano de selección. O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de





aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

DÉCIMA. SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN

O sistema de selección será o de **concurso - oposición**. Non se avaliará o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presentar as solicitudes.

Un primeiro exercicio para contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 10 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO III, durante un período de 15 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos : para superalo deberá sacarse un mínimo de 5 puntos.

O aspirante que non supere esta proba non pasará á seguinte.

Un segundo exercicio, práctico, de manexo de rozadora e demais maquinaria así como de mantemento dos mesmos, que en todo caso acreditará o manexo da maquinaria empregada para o exercicio das funcións do posto .

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos: para superalo deberá sacarse un mínimo de 5 puntos.

O aspirante que non supere esta proba non pasará á seguinte.

A puntuación máxima na fase de oposición é de 20 puntos.





Concello de Trabada

Na fase de **concurso** serán valorados os seguintes méritos:

Situación socio-laboral.

Terán preferencia: neste programa á pertenza aos seguintes colectivos:

- 1, Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- 2, Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes de primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- 3, Persoas paradas de longa duración.
- 4, Persoas con discapacidade.
- 5, Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións ou subsidios por desemprego ás que teñan dereito.
- 6, Persoas de mais de 45 anos.
- 7, Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da risga.

Valorarase un punto por pertenza a cada un dos colectivos, cun máximo de **2 puntos**:

Estar en posesión dalgunha das seguintes Certificacións en lingua galega (ou equivalentes)

Celga 3: 0,50 puntos

Celga 4: 1, 00 punto.

Será acreditado mediante a correspondente certificación do centro educativo ou da Dirección Xeral de Política Lingüística. No caso dos cursos equivalentes, mediante os correspondentes diplomas.





4.- No caso de producirse **empates**, o Tribunal de Valoración terá en conta o nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate ao cónxuxe, fillos e fillas menores de 18 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

No caso de persistir o empate, resolverase por orde de presentación da instancia por Rexistro.

UNDÉCIMA. LUGAR, DATA E CELEBRACIÓN DAS PROBAS

Determinarase por Resolución da Alcaldía e farase público no mesmo anuncio que o nomeamento do Tribunal Cualificador.

DUODÉCIMA. CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal levantará acta coa relación da puntuación obtida por cada aspirante, dando conta da mesma á Alcaldía, que declarará seleccionadas a un total de persoas que nunca superará o total de postos ofertados, publicándose dita puntuación e resultado de selección no taboleiro de anuncios do Concello.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso-oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados. En caso de empate na puntuación final, o desempate resolverase a favor do/da aspirante que obtivese maior puntuación na fase de oposición. De persistir, o empate resolverase a favor daquel/a aspirante que obtivese maior puntuación na fase de concurso, dirimirase a favor da maior puntuación en experiencia na administración pública, e en segundo lugar a experiencia na empresa privada. De continuar o empate, este dirimirase, tendo en conta o apartado de titulacións académicas complementarias. Se aínda así persiste o empate, este dirimirase con base nos cursos ou outra formación relacionada. De ser o caso, que continua a persistencia do empate, este resolverase se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da





fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal aprobará e propondrá para a contratación aos candidatos que máis puntuación obtivesen do máximo posible, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de postos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o/a seleccionado/a non asine o contrato no prazo que se lle sinala ou ben renuncie ao posto. Os/as candidatos/as non seleccionados quedarán en reserva por orde de puntuación por se se dese algunha renuncia ou situacións puntuais de baixas por incapacidade laboral temporal da persoa inicialmente seleccionada, e no tempo de duración deste contrato.

DÉCIMO TERCEIRA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABAJO

Rematado o proceso selectivo as persoas que acaden as maiores puntuacións en cada posto convocado serán propostas polo tribunal para a formalización da relación laboral co Concello.

Os/As aspirantes propostos/-as presentarán na Secretaría do Concello, o día hábil seguinte ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- a) Copia do DNI.
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria.
- c) Certificado do número de conta bancaria.

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación ou renunciase á mesma, poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral.

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior á Presidenta da Corporación, fará o nomeamento e formalizará o contrato a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez días a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.





DÉCIMO CUARTA. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, en concordancia coa Lei de Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

DÉCIMO QUINTA. RECURSOS

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación ou recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

En Trabada, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;





ANEXO I

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO POLO CONCELLO DE TRABADA PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DUN/HA PEON

D/Dona con D.N.I. nº
con enderezo Localidade
Teléfono

EXPOÑO:

1. Que fun convocado polo Servizo Público de Emprego de Galicia para o proceso selectivo para a contratación dun/ha.....
2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a dita convocatoria e que reúnen os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño do posto e que cumpro os requisitos das bases da convocatoria.
4. Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego a seguinte documentación:
 - Carne de conducir tipo B
 - DNI
 - Fotocopia da Tarxeta de demandante de emprego
5. Que presento toda a documentación acreditativa dos méritos alegados.
6. Declaración formal, baixo xuramento ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación.





POR ISO SOLICITO:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo. O abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases:

Información sobre protección de datos	
Responsable	Concello de Trabada
Finalidade do tratamento	Tramitación da solicitude de participación no proceso selectivo, avaliación da documentación presentada, xestión do proceso e realización dos trámites derivados del.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPd)
Comunicación de datos	Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas serán publicados no Taboleiro de anuncios do Concello
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle correspondan dirixindo a súa solicitude a O Concello de Trabada a través da sede electrónica do Concello ou nas Oficinas Xerais

En Trabada, a..... de de 2025.

Asdo.:





ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dona con D.N.I. nº
..... con enderezo Localidade
Teléfono

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade ou de incapacidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, nin ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbo sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público estar separado/a, mediante expediente disciplinario ou do servizo da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou das Entidades Locais nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

En Trabada, a de de 2025.

Asdo.:





ANEXO III: TEMARIO

Tema 1

Concello de Trabada . Encuadre territorial e poboación.

Tema 2

Uso e mantemento de tractor.

Tema 3

Sinalización vial en traballos de desbroce de cunetas.

Tema 4

Extinción de incendios e infraestruturas municipais relacionadas co servizo.

En Trabada, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;

